

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UDC

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

De outra D. Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Ambos os dous representantes, recoñecendo mutuamente a capacidade xurídica suficiente para subscribir, en nome das respectivas entidades, o presente convenio, a ao efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.



Os Estatutos do IET foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:
 - Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
 - Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG).
 - Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

Segundo.- O artigo 1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

Nesta orde de cousas o Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan ás prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e o Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, (que establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á



realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas), establecen o marco xurídico no que os alumnos da Universidade da Coruña (UDC) realizarán prácticas en entidades colaboradoras, tales como, empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo profesional constitúe unha das principais preocupacións da Universidade da Coruña, e o complemento das ensinanzas teóricas recibidas polo alumno con coñecemento práctico da realidade profesional é parte fundamental da súa formación.

A UDC é unha Entidade de Dereito Público independente e sen ánimo de lucro á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior e que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter, ou no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica. Na UDC participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos adecuados para levar a bo fin actividades de interese xeral.

A UDC réxese pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e polos seus estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro).

Terceiro.- Ambas as dúas partes coinciden en considerar necesario un maior acercamento entre o ámbito profesional e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados pola sociedade. Por tanto, evidénciase a necesidade de subscribir un convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas no desenvolvemento do período de prácticas académicas externas dos alumnos da UDC, así como acercar á sociedade a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios de Galicia.

Cuarto.- Os novos escenarios que viñeron a conformar o Espazo Europeo de Educación Superior supuxeron que os ensinamentos universitarios, en xeral, e as de carácter oficial, en particular, incrementasen os tempos de formación práctica, que debe desenvolverse en contornas laborais relacionadas coa materia propia dos estudos correspondentes. Neste sentido, faise necesario abrir novas formulacións nas canles de colaboración entre a Administración e as Universidades para facer realidade a mellora da calidade da formación dos profesionais relacionados co ámbito educativo.

Por todo o exposto, as partes consideraron a conveniencia de formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLAUSULAS:

PRIMEIRA .- OBXECTO

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas curriculares entre a UDC, a través do grupo de investigación "Grupo de Estudos Territoriais" da súa facultade de socioloxía e o IET, posibilitando aos estudantes da titulación do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña a realización do Practicum correspondente ao Plan de estudos do Grao en Socioloxía, dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo IET. As prácticas desenvolveranse nas instalacións do IET.

Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos/as futuros/as titulados/as universitarios/as.



SEGUNDA.- SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

A Universidade da Coruña para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas, axustarase ao previsto no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (en adiante Real decreto 592/2014, do 11 de xullo) así como no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade da Coruña.

Poderán realizar prácticas académicas externas aqueles estudantes matriculados na Facultade de Socioloxía da UDC, de conformidade co plan de estudos correspondente.

Para realizar as prácticas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado na materia vinculada ás practicas externas, segundo o plan de estudos de que se trate.
- b. Non manter ningunha relación contractual co IET.

A UDC realizará unha convocatoria pública na que se indicará o número de alumnado de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

TERCEIRA .- DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1.- A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 14.5 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2.- O alumnado contará cunha persoa titora da entidade colaboradora e con outra da Universidade da Coruña para realizar as prácticas

3.- O horario das prácticas terá lugar dentro da xornada normal de traballo do IET, e procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara, polo que se poderá ausentar do IET para asistir a elas.

4.- O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán dentro dalgunhas das seguintes áreas:

- Estratexia da Paisaxe Galega
- Procesos de participación pública nos instrumentos de ordenación da paisaxe.
- Análises sociolóxicos e socioeconómicos nos estudos territoriais.

5.- Os dereitos e obrigas da persoa titora da entidade colaboradora, son os recollidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo.

6.- Os dereitos e obrigas da persoa titora académico da UDC, son os recollidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo.

7.- Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, o IET comunicaralle á UDC ou á entidade xestora a data do comezo e finalización das prácticas, ou período de vacacións se o houbese.





CUARTA.- COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Universidade comprométese a:

- Colaborar na realización de actividades de investigación, análise, estudo e difusión sobre ordenación do territorio e medio ambiente e paisaxe que persigan un interese xeral
- Difundir, entre os seus alumnos e alumnas, a organización das prácticas formativas obxecto deste convenio
- Realizar a selección do alumnado que realizará as prácticas segundo os criterios previamente definidos pola Universidade.
- Emitir un documento acreditativo aos titores pertencentes ao Instituto de Estudos do Territorio que o soliciten pola colaboración prestada no programa de prácticas.
- Remitir ao IET unha memoria na que se especifiquen:
 - Os membros do alumnado seleccionados para a realización das prácticas e as súas respectivas titulacións.
 - O proxecto formativo ao que se suxeitarán a realización das prácticas
 - Un documento suscrito por cada un dos alumnos ou alumnas seleccionados que incluíra:
 - O compromiso de cumprir o seu respectivo proxecto formativo e de atender ás indicacións que, en desenvolvemento do mesmo, sexan impartidas pola persoa á que o IET encomende a titoría das prácticas.
 - A aceptación de que o incumprimento inxustificable do dito proxecto formativo ou indicacións poderá dar lugar á exclusión do alumno ou alumna da continuación das prácticas, sen prexuízo das medidas disciplinarias que poida adoptar a Universidade.
 - O compromiso de manter a confidencialidade con respecto ás información recollidas ou aos traballos realizados durante ás prácticas, os cales non poderán ser divulgados nin comunicados a terceiros.
 - A aceptación expresa de que a realización das prácticas nas dependencias do IET constitúe unha actividade lectiva no marco dos seus estudos e non altera o vínculo do alumno ou alumna coa Universidade nin da lugar ao xurdimento de relación laboral ou de calquera outra índole coa Xunta de Galicia.
 - O compromiso de poñer en coñecemento da persoa que exerza a titoría das prácticas calquera incidencia que poida afectar ao normal desenvolvemento destas.

QUINTA.- COMPROMISOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, o organismo autónomo comprométese a:

- Nomear un titor do alumno en prácticas que fixará un plan de traballo acorde co proxecto formativo.
- Acoller ao alumno e organizar a actividade a desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- Establecer as datas de incorporación do alumnado ás prácticas.
- Asignar aos alumnos ou alumnas en prácticas tarefas comprendidas no correspondente proxecto formativo e dirixir a realización destas.
- Elaborar, ao remate das prácticas, un informe final de aproveitamento relativo ao cumprimento do proxecto formativo por parte do alumnado en prácticas no que se incluíra una valoración sucinta sobre o seu nivel de cumprimento das tarefas encomendadas. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou a estudante
- b) Capacidade de aprendizaxe
- c) Administración e organización dos traballos



d) Habilidades de comunicación oral e escrita

No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.

e) Sentido da responsabilidade

f) Facilitade de adaptación

g) Creatividade e iniciativa

h) Implicación persoal

i) Motivación

j) Receptividade ás críticas

k) Puntualidade

l) Relacións co seu contorno laboral

m) Capacidade de traballo en equipo

n) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos

O Instituto de Estudos do Territorio asume asemade os seguintes compromisos:

- Colaborar na realización de actividades de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio e medio ambiente e paisaxe que persigan un interese xeral.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.

SEXTA.- NÚMERO DE PRAZAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS

O IET resérvase a facultade de limitar o número máximo de prazas dispoñibles para a realización das prácticas por necesidades do servizo. O número de prazas determinarase nas reunións da comisión de seguimento do convenio.

SÉTIMA.- RÉXIME E VALIDEZ ACADÉMICA DAS PRÁCTICAS

A realización das prácticas nas dependencias do IET constitúe unha actividade lectiva que non alterará o vínculo do/a alumno/a coa UDC e non dará lugar ao xurdimento de relación laboral, nin de calquera outra índole co IET.

As prácticas terán a validez académica que se lles outorgar no plan de estudos correspondente, no marco do Prácticum, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados, e será asinado polos estudantes, unha persoa representante do IET e outra representante da UDC.

En caso de incumprimento, o IET poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

OITAVA.- ASEGURAMENTO DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Durante o período de realización das prácticas os/as alumnos/as estarán cubertos, en caso de accidente, enfermidade ou infortunio familiar polo Seguro Escolar, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil de danos a terceiros que poida ocasionar o estudante en prácticas pola póliza que a UDC ten subscrita a tales efectos.

A tales efectos, o estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.



NOVENA. REMISIÓN AOS ANEXOS

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan:

Anexo I: impreso de solicitude de centros de prácticas; Anexo II: comunicación de asignación de centro e titorización; Anexo III: proxecto formativo; Anexo IV: informe do/a titor/a profesional de prácticas externas; Anexo V: informe do/a titor/a académico/a de prácticas externas; Anexo VI: informe de avaliación do/da alumno/a sobre o centro de prácticas; Anexo VII: memoria de prácticas.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou a estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudante.

DÉCIMA.- FINANCIAMENTO

Este convenio non supón ningún custe para o IET nin para a UDC, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta paritaria de seguimento do presente convenio integrada por:

- a) Dúas persoas en representación da Universidade da Coruña; unha das cales será o Vicerreitor de Estudantes ou persoa en quen delegue.
- b) Dúas persoas en representación do IET, unha das cales será o director do IET ou persoa en quen delegue.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

A comisión reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de catro anos.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.



- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE

Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade dando as partes asinantes o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo e mailo resto de especificacións contidas no mesmos nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO SÉTIMA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non puideran ser dirimidas pola comisión de seguimento creada a tal efecto, resolveranse pola xurisdición contencioso administrativa, na maneira regulada na Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan por triplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda e presidenta do IET

O Reitor da Universidade da Coruña

Ángeles Vázquez Mejuto

Julio Abalde Alonso





ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE DE CENTROS DE PRÁCTICAS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

D/^a..... con DNI.....

Enderezo: Rúa.....nº..... piso.....

Poboación.....Provincia.....CP.....

Teléfono..... Correo Electrónico.....

Cualificación media do expediente:

SOLICITA:

**A realización da materia "Prácticas en Empresas e Institucións
Públicas e Privadas" por orden de prioridade nos centros seguintes:**

- Centro 1º:.....
- Centro 2º:.....
- Centro 3º:.....
- Centro 4º:.....
- Centro 5º:.....

A Coruña, a de de 20

Asdo.:

O/A solicitante

**COORDINADORES DE PRÁCTICAS DO GRAO EN SOCIOLOXÍA
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA. UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



ANEXO II

COMUNICACIÓN DE ASIGNACIÓN DE CENTRO E TITORIZACIÓN

PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

Mediante este escrito comunícase a D/D^a con
D.N.I. que a súa solicitude para participar no Programa de Prácticas
externas foi aceptada.

Centro de realización das prácticas:

Nome do/a titor/a interno:

Nome do/a titor/a externo:

Duración das practicas:

A Coruña, a de de 20

Asdo.:

COORDINADORES DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS



ANEXO III

PROXECTO FORMATIVO

PROXECTO FORMATIVO

O/a estudante que abaixo asina concede a súa conformidade para participar no programa de prácticas externas curriculares/extracurriculares da Facultade/Escola de da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación educativa con, e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no mencionado convenio.

DATOS DO ESTUDANTE

D./Dª., con DNI
endereço teléfono titulación

DATOS DA ENTIDADE E DA PRÁCTICA

Osr./Sra.....nomeado pola entidade colaboradora empresada en rúa número teléfono . para exercer as funcións de titor dun acordo de cooperación educativa, declara que o plan de traballo a realizar polo estudante será o seguinte:

1. Descrición do traballo a realizar polo estudante:

2. Lugar onde se realizará o traballo:

3. Período durante o que se realizará o traballo

4. Número total de horas dentro deste período (_____ h) = (_____ ECTS)



5. Horario:

6. Coñecementos específicos que deberá ter o estudante para facer este traballo:

.....
.....

7. Formación que adquirirá o estudante ao realizar este traballo:

8. Forma prevista para o seguimento e orientación ao estudante durante a realización do traballo:

.....
.....
.....

9. (De se-lo caso) Bolsa ou axuda de estudos que a empresa outorgará ao estudante e forma en que será satisfeita (No caso de ser remunerada deberase cumprir coas obrigas recollidas na normativa tributaria e na de cotización á Seguridade Social.....

.....
.....

-----/----- de ----- de 20__

Pola Entidade

O/a estudante

Polo Centro

Asdo.-----

Asdo. -----

Asdo.

Cargo-----

Cargo -----

SR. DECANO DA FACULDADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA





ANEXO IV

INFORME DO/A TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario. Remítalo por correo, fax ou mail ao enderezo de contacto. Esta información será utilizada para a avaliación definitiva do/a estudante.

O/a titor/a D./Dna..... con DNI..... Nomeado pola empresa/institución:

Informa sobre o tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo alumno/a:

Apelidos e Nome:..... DNI: Centro: Titulación: Período de realización das prácticas (datas): Horas de prácticas realizadas:

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas adecuáronse ao establecido no proxecto formativo e merece a seguinte valoración:

Table with 5 columns: EXCELENTE, BO/BOA, REGULAR, DEFICIENTE. Rows include: Nivel de coñecementos previos, Grao de cumprimento do seu horario e tarefas, Nivel de iniciativa, Nivel de esforzo, Calidade dos traballos realizados, Capacidade para resolver problemas, Nivel de competencias amosado, Nivel de integración na empresa / institución.





OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achego unha folla complementaria

A Coruña, ___ de _____ de 20__

Asdo.:

SR. DECANO DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA





ANEXO V

INFORME DO/A TITOR/A ACADÉMICO/A DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario tendo en conta o informe presentado polo/a alumno/a e o informe do titor profesional. Esta información será utilizada para a avaliación académica do/a estudante.

O/a titor/a académico/a D./Dna.: _____
con DNI: _____

INFORMA sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo alumno/a:

Apelidos _____ e _____ Nome:

DNI:

Centro:

Titulación:

Período de realización das prácticas (datas):

Horas de prácticas realizadas:

Que a labor do alumno/a merece a seguinte valoración:

Créditos solicitados:	Horas realizadas:	Créditos realizados:
Cualificación asignada ao informe presentado:		

CUALIFICACIÓN FINAL OUTORGADA:

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achegue unha folla complementaria

A Coruña, de de 20__

Asdo.: _____

SR. DECANO DA FACULDADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA





ANEXO VI

INFORME DE AVALIACIÓN DO/DA ALUMNO/A SOBRE O CENTRO DE PRÁCTICAS

DATOS DO/DA ALUMNO/A

Nome: _____ Apelidos: _____

DNI: _____ Enderezo: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

DATOS DAS PRÁCTICAS

Centro de prácticas: _____

Titor/a de prácticas: _____

Período de prácticas: _____

Resumo das tarefas:

-
-
-
-
-

SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS (Puntúe do 1 ao 5, sendo "1" a peor puntuación posible e "5" a mellor posible).

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---

RECOMENDACIONES A TER EN CONTA PARA MELLORAR AS PRÁCTICAS (SE FOSE O CASO)



ANEXO VII

MEMORIA DE PRÁCTICAS

MODELO DE MEMORIA FINAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ESTUDANTE

Memoria final do estudante relativa ao convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas entre a Universidade da Coruña, con CIF Q-6550005-J, e a entidade colaboradora , con NIF , e o/a estudante , con DNI , en data .

Datos do/a estudante

Nome e apelido:

DNI:

Estudante de:

Facultade:

Datos da entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas

Entidade colaboradora , con CIF

Enderezo onde se desenvolveron as prácticas:

Àrea/Departamento/Servizo onde se desenvolveron as prácticas:

Período de realización das prácticas:

Número total de horas realizadas:

1. Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas





2. Valoración das tarefas desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios recibidos

3. Relación dos problemas encontrados e do procedemento seguido para resolvelos

5. Avaliación final das prácticas e suxestións

En a de 20

Asdo:-----

SR. DECANO DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

